

NOTA DE PRENSA

Aberto o prazo de inscrición para a XIV Olimpiada de Bioloxía (Fase Autonómica Galega).

Santiago, 17 de outubro de 2018.- O luns 15 de outubro abríuse o prazo de inscrición á XIV Olimpiada de Bioloxía (Fase Autonómica Galega) que convoca a Asociación Olimpiada de Bioloxía (OEB) coa colaboración do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia - COBGA-, as tres universidades galegas, e a Xunta de Galicia.

Nela poderán participar todos os estudantes que estean matriculados na asignatura de Bioloxía no 2º curso de Bacharelato durante o curso 2018-2019, en centros de ensino de Galicia de calquera titularidade e que sexan seleccionados segundo os criterios incluídos nas bases.

O prazo de inscrición permanecerá aberto ata o 16 de novembro de 2018. A proba celebrárase o día 18 de xaneiro de 2019 na Facultade de Ciencias da Universidade da Coruña.

O fin das olimpíadas de bioloxía é fomentar os estudos relacionados coa Bioloxía e promover o interese na investigación entre os estudantes do sistema educativo español.

O certame consistirá na resolución dunha proba teórica tipo test e dunha proba práctica cos contidos de Bioloxía da ESO, de primeiro e de segundo de bacharelato, centrados na base molecular e fisicoquímica da vida.

Na pasada edición (a 13ª) participaron 105 estudantes de 31 centros de secundaria da comunidade autónoma galega, que se repartiron da seguinte forma: 16 de centros da provincia da Coruña, 11 de Pontevedra, 1 de Ourense e 3 de Lugo. O equipo galego que participou na Fase Nacional en Extremadura obtivo un bo resultado xa que o alumno Pedro Vieites do IES Plurilingue Rosalía de Castro de Santiago de Compostela obtivo un segundo posto e participou na XII Olimpiada Iberoamericana de Bioloxía (OIAB 2018, Loja-Ecuador) onde obtivo unha medalla de bronce.

É de resaltar que o pasado ano 2017 asinou un **Convenio coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria** que ten por obxecto o recoñecemento como actividade de innovación educativa da preparación e acompañamento do alumnado participante na olimpíada. O Convenio se materializa coa certificación de 15 horas de formación ao profesorado participante na fase autonómica e 25 horas na fase nacional.

Máis información:
COBGA: 981 53 14 40 (Pablo)